

Estimados pais e nais:

O próximo **venres 13 de abril**, imos participar cos alumnos e alumnas de 6º EP, (*en representación do noso colexio*), nun acto organizado por **Aspanaes**, para celebrar o **Día Mundial da Concienciación do Autismo**.

Colleremos o autobús urbano ata o Cantón onde nos achegaremos andando ao Porto de Ferrol para participar no acto que comezará as 11:00 h e rematará no Cantón de Molíns, onde se lerá un manifesto por rapaces da Asociación e logo participarán os nosos alumnos lendo un manifesto para romper barreiras a favor do Autismo.

A organización recoméndanos levar algunha prenda de cor azul: camiseta, chubasqueiro, (pode ser a camiseta azul nova do colexio).

Regresarán ao colexio ás 13:30 h aproximadamente, no mesmo bus urbano dende o Cantón de Molíns. Cada alumno/a levará o importe do bus urbano ou en caso de ter a “Tarxeta Xente Nova”, con ela poderán viaxar gratuitamente en todos os transportes metropolitanos de Galicia.

Deberán traer o chándal e en caso de choiva, suspenderase dita saída.

Atentamente: A Dirección e o Titor.



\_\_\_\_\_

Dº/ Dª \_\_\_\_\_, nai/pai/ titor/a, do

alumno/a: \_\_\_\_\_, autorizo a asistir ao Acto

Mundial de Concienciación do Autismo, que se vai celebrar o venres 13 de abril, na

cidade de Ferrol.

Asinado: \_\_\_\_\_

Ferrol, a \_\_\_\_\_ de abril de 2018